



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 27 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00059230J.

Ratificar a urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00059230J.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.

Acordo:

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/.

CONTRATO: "Aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e para unha plataforma loxística".

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

3. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2022/00052260N.

Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela, o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e MERCASA para a definición do anteproxecto, redacción do proxecto, execución de obra e dotación do Centro loxístico de acopio e distribución de mercancías para o Casco Histórico de Santiago de Santiago de Compostela.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio entre o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela, o Concello de Santiago de Compostela e a sociedade Mercados Centrales de Abastecimiento, S.A. (MERCASA) para a redacción do proxecto, execución de obra e dotación do centro loxístico de acopio e distribución de mercancías para o casco histórico de Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- AUTORIZAR o gasto que estende os seus efectos económicos a exercicios futuros, na contía máxima de 3.800.000,00€ (sen IVE); 4.598.000,00 € (IVE incluído) favor do CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de acordo coas seguintes anualidades:

2023: 1.064.074 euros.

2024: 3.533.926 euros

TOTAL: 4.598.000 euros.

Dado o carácter de anticipo dos fondos do PRTR e para evitar calquera tensión de tesoureiría ao Consorcio de la ciudad de Santiago de Compostela, previa solicitude do Consorcio, o Concello librará ao Consorcio un anticipo do 60 % de cada anualidade. E o 40 % restante, previa presentación das certificacións de obra.

O gasto imputarase á partida 050 33600 6220001. Consta no expediente RC numero 220229001302

TERCEIRO:Habilitar ao Alcalde para a súa sinatura Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

4. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00043542B.

Resolución de concesión dos premios da I Edición de Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: Aprobación da concesión, xustificación e pagamento dos premios ás candidaturas que se establecen a continuación:

- Premio Boas prácticas en materia de conciliación á empresa INFORHOUSE SL. Importe: 6.000 euros.

Mención como finalista á empresa DINAHOSTING S.L. Importe: 2.000 euros.

- Premio Boas prácticas en materia de economía circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA. Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio á empresa á empresa MESTRELAB RESEARCH,S.L. Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas en innovación en comercialización de produtos e servizos culturais á empresa MATA GARCIA,GONZALO. Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030 á empresa INFORMÁTICA Y NETWORKING COMPOSTELA, SLU. Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas de empresas de economía social circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA. Importe: 6.000 euros.

Quedan desertas o resto de mencións. Tal e como se establece na base 8ª, os premios poderán ser declarados desertos e así resulta da deliberación do xurado.

Segundo: Estas axudas, que suman un total de 38.000 euros, van con cargo con cargo á partida 010 43300 4790100 DESENVOLV EMPRESARIAL. PROG SANTIAGO INVESTOR

5. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00043540D.

Resolución de concesión da convocatoria de 2022 das subvencións a empresas para actuacións en materia de Economía Circular.

Acórdase:

Primeiro: Aprobación da concesión, xustificación e pagamento da axuda que segue á seguinte entidade beneficiaria:

- Compostela inserta EIL, SL.: 9.631,94 euros.

Segundo: Estas axudas, que suman un total de 9.631,94 euros, van con cargo aos orzamentos municipais do ano 2022 partida 010 43300 4790001 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS.

6. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018207E.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Empresarial do Tambre para o ano 2022.

Acórdase:

1 Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 por valor de 50.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos Concello de Santiago de Compostela.

2 Notificar esta resolución ás persoas interesadas

3 Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2022.

7. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018252K.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Unión de Cooperativas Espazo Coop para o ano 2022.

Acórdase:

- 1 Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZO Coop e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 por valor de 39.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2022.
- 2 Notificar esta resolución ás persoas interesadas
- 3 Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2022

8. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00006533B.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cámara Oficial de Comercio de Compostela para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a CAMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con documento oficial de identificación Q1573004G e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 por valor de 75.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2022.
2. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.
3. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2022.

9. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2022/00037247H.

Aprobación parcial da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa durante a anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa durante a anualidade 2022.

Segundo. Recoñecer a obriga, pola contía de 2.893,23 €, sendo a subvención concedida de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 070 92501 4890001 reflectida no apartado de subvencións nominativas dos orzamentos municipais de 2022.

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 070 92501 4890001 dos orzamentos municipais de 2022.

Cuarto. Notificar esta resolución ás persoas interesadas

10. DEPORTES. Referencia: 2022/00042226Y.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 65.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA por importe de 65.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

11. DEPORTES. Referencia: 2022/00042225M.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Victoria de Santiago de Compostela para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890011.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890011